

EXP. 97/2023

ALBA FERNÁNDEZ PRIETO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 20/11/2023 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

Solicitud de subvención Asociación de mulleres rurais Amencer (exp. 97/2023)

Dáse conta da instancia presentada por Ángela Iglesias Dasilva en calidade de presidenta, en nome e representación da Asociación de mulleres rurais Amencer, con CIF G32259996, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a organización do entroido con charanga de música.

A dita entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Toén

Nas bases de execución (Base 24, apartado primeiro) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2023 consta unha axuda con carácter nominativo para a Asociación de Mulleres rurais Amencer de Mugares , con CIF G32259996, polo importe máximo de 1.500 €

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola, ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle ao Asociación de Mulleres rurais Amencer de Mugares , con CIF G32259996, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 1.500,00 €, cantidade recollida na base 24ª das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2023, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 01/12/2022 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na*





concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- ✓ *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento.*
- ✓ *Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.*

.....”
E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

